

Novos cultivos en Lárez (XVIII): O Tabaco.

Xosé Álvarez Castro



Non é un cultivo que estea estendido na nosa zona pois só se fai a título de curiosidade botánica; o carácter de monopolio e cultivo regulamentado que, historicamente, tivo o tabaco limitou o aproveitamento para evitar problemas con Facenda.

Pertence á familia das solanáceas, como a pataca e, de feito, nos tempos da escaseza na posguerra, utilizáronse follas de patacas secas para confeccionar cigarros. Procede de América e o seu primeiro uso foi ornamental. Adáptase moi ben ás nosas condicións climáticas e houbo plantacións industriais na nosa provincia, que se utilizaron na confección das chamadas "Farias" fabricadas na Coruña. Hai anos, algunhas persoas



da nosa parroquia, cultivaron algunhas plantas de tabaco con sementes que traían, de xeito clandestino, da Misión Biolóxica en Salcedo.

Seméntase na primavera e transplántase cando ten tres follas, as flores aparecen na parte superior do talo e deben despuntarse para obter follas de máis calidade. Para utilizar as follas deben someterse a un proceso de curado colgándoas nun sitio ben ventilado e evitando que collan mofo. Rexeitamos o seu uso para fumar (por motivos sanitarios e legais); a planta é velenosa polo que debe evitarse a inxesta. Como alternativa, recomendamos o seu uso como insecticida para eliminar diversas pragas nos cultivos: picar uns 25 gramos de follas e colocalas nun recipiente escuro, cubrilas con alcohol e deixalas un día para que extraia toda a nicotina. Verter o contido a través dun coador e engadirlle un litro de auga. Pode facerse tamén sen alcohol pero, neste caso, hai que ferver as follas. Non pode gardarse máis dun día e pulverízase sobre as plantas.

Nos anos posteriores ao golpe de estado do 1936, houbo unha grande falta de tabaco e estaba racionado; as autoridades franquistas víronse precisadas a fomentar o cultivo de tabaco no seu territorio para evitar os gastos da importación, estimados en trinta millóns de pesetas-ouro; no Diario de Pontevedra do 14 de novembro de 1938, aparece un artigo titulado "El cultivo del tabaco en Galicia", asinado polo Inspector Jefe del Cultivo del Tabaco, no que se fai unha exaltada apoloxía da planta. "¿Es posible? Sí, lector, no te extrañes, no sólo es posible sino que más te diré: el año 1939 será el cuarto en el que oficialmente se cultive esta solanácea

en la región gallega. ¿Resultados?... Maravillosos." Enumera as condicións que tiñan os tabacos na zona: elasticidade suficiente, pouca riqueza en nicotina, gran finura, mínimos nervios nas follas, combustibilidade perfecta... Non deixa de anotar o que cualifica dun inimigo enorme para o seu cultivo: "la poca cultura social y agrícola" da maioría dos campesiños galegos, que seguían a cultivar a terra como os seus avós, adicándose a cultivos totalmente antieconómicos "como esos viñedos absurdos que pueden verse en gran parte de la provincia de Pontevedra". (Nada dicimos da visión de futuro do enxeñeiro!). Os permisos para o cultivo concedíaos a Inspección-Jefatura del Cultivo del Tabaco, domiciliada en Vigo, que entregaba as sementes de xeito gratuito, coa condición de que houbera un número mínimo de 500 plantas por cada cultivador. Remataba o artigo: "¡Por interés y patriotismo, cultiva tabaco! ¿Es empresa nacional! ¡Ayuda al resurgimiento de Galicia y al de España! ¡Arriba España!"

